



A TODO O PERSOAL DAS FUNDACIÓNS E EMPRESAS PÚBLICAS.

Diante da polémica e o malestar xerado nas fundacións a raíz da utilización cínica por parte dunha organización médica do contido dun boletín editado por unha sección sindical de funcionarios da Xunta, CIG-SAÚDE quere manifestar as seguintes consideracións:

1. O indicado boletín, no que se verte unha opinión calificando de enchufismo a forma de acceso do persoal das fundacións aos seus postos de traballo, é editado por persoas que nada teñen que ver coa Federación de Sanidade da CIG, e non representa por tanto a opinión da nosa organización.
2. Queremos expresar de todas formas que lamentamos que haxa persoas na CIG que a título individual pensen desa maneira, seguramente por un absoluto descoñecemento da situación do noso sector.
3. A opinión e a posición de CIG-Saúde é clara, rotunda e meridiana:
 - a. Traballamos, dende hai moito tempo, para que as fundacións sanitarias e o seu persoal sexan parte do Sergas a todos os efectos e con todos os dereitos.
 - b. Combatimos, dende hai moito tempo, a política privatizadora e fragmentadora da Consellería e da Xunta con respecto á xestión sanitaria.
 - c. Conseguir o I Convenio Colectivo, conseguir o II Convenio e conseguir abrir o proceso de Estatutarización do persoal son logros históricos dos que nos sentimos particularmente orgullosos, e non teñen comparación en ningún outro servizo de saúde.
4. Por eso CIG-Saúde firmou o convenio, o acordo de estatutarización e a igualdade na valoración dos servizos prestados indistintamente no Sergas ou nunha Fundación. Non hai ningunha dúbida nesta liña de traballo. Nós non a temos e así o demostramos. Tampouco a deben ter os/as traballadores/as das fundacións.
5. Debemos felicitar á organización e ás persoas que con tan mala fe están conseguindo o seu obxectivo de dividir ao resto do persoal do hospital, persoas ás que unicamente parece interesarlle resolver os problemas que teñen co seu propio ombligo. Ditas persoas nunca asemblea de traballadores/as do hospital de Cee, comunicanlle que propoñeran ao SERGAS que sexa o hospital de Cee a 1ª fundación que se integre, e nunha asemblea de persoal facultativo do hospital do Barbanza, propoñen exercer medidas de presión para que en vez de estatutarizarse por fundacións, a estatutarización se realice por colectivos, e dicir, que os 1º en integrarse sexan os facultativos.

NON NOS DEIXEMOS ENREDAR EN POLÉMICAS FALSAS E ESTÉRILES. CONTINUEMOS TRABALLANDO XUNTOS POLA ESTATUTARIZACIÓN, A HOMOLOGACIÓN, A INTEGRACIÓN TOTAL E A IGUALDADE DE DEREITOS. AHÍ ESTÁ A CIG.

Maio de 2005